

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento CMG10I0PK	Expediente	Fecha 06-05-16 12:10

Número 12.- Proposta da concelleira delegada de Acción Cultural relativa á adxudicación do contrato de Servizo de organización da Celebración da "Festa dos Maiores 2016" á empresa CATERING CASA TABOADA, S.C.

Destinatario



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 06 de maio de 2016, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

**NÚMERO 12 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE ACCIÓN CULTURAL RELATIVA Á ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE ORGANIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DA "FESTA DOS MAIORES 2016" Á EMPRESA CATERING CASA TABOADA, S.C.**

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela da proposta da concelleira delegada de Acción Cultural, de data 3 de maio de 2016. Así mesmo, do informe favorable de Intervención, nº 2016/226 de data 4.5.16.

A devandita proposta é do seguinte teor literal:

"**Branca Novo Rey**, concelleira delegada de acción cultural e centros socioculturais, e presidenta da mesa de contratación da licitación "Servizo de organización da celebración da "Festa dos Maiores 2016"", conforme os termos establecidos no artigo 320 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado por RD Lexislativo 3/2011 de 14 de novembro, en relación co art. 22 do RD 817/2009 de 8 de maio, e en virtude das competencias delegadas por decreto de Alcaldía do 16/06/2015,

**EXPÓN:**

Primeiro: Con data 28 de abril de 2016 celébrase a mesa de contratación na que se acorda que ante a situación de empate entre as propostas dos licitadores CASA TABOADA SC e VELOSO IGLESIAS SL faise necesario realizar un sorteo, dando cumprimento ó disposto na

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0PK	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 06-05-16 12:10

vixente lexislación de contratos para estes supostos. Levado a cabo éste, propónse como oferta máis vantaxosa das presentadas a do licitador CASA TABOADA SC.

Segundo: Con data 3 de maio celébrase a mesa de contratación na que se procede ao análise da documentación aportada polo licitador proposto, considerando os membros da mesma que queda suficientemente acreditado o cumprimento dos distintos requirimentos.

En consecuencia, e conforme ao acordado nas correspondentes reunións da mesa de contratación, esta concellería procede a realizar a seguinte:

#### **PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO**

Adxudicar o contrato de referencia a favor da empresa **CASA TABOADA SC**, que oferta un prezo para cada comida de **17 euros** (IVE aparte 10%: 1'70 euros), ó resultar vencedora do sorteo realizado para resolver a situación de empate entre as dúas mellores propostas económicas.

Designar como responsable do contrato a Dna. Montserrat Cillero Montes, xefa do negociado de festas.

O gasto máximo previsto para este contrato, que alcanza a cantidade de 31.790 euros, financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **010 91201 22601.**"

**Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros:**

Adxudicar o contrato de "**Servizo de organización da celebración da "Festa dos Maiores 2016"**" a favor da empresa **CASA TABOADA SC**, que oferta un prezo para cada comida de **17 euros** (IVE aparte 10%: 1'70 euros), ao resultar vencedora do sorteo realizado para resolver a situación de empate entre as dúas mellores propostas económicas.

Designar como responsable do contrato a Dna. Montserrat Cillero Montes, xefa do negociado de Festas.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG10I0PK	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 06-05-16 12:10

O gasto máximo previsto para este contrato, que alcanza a cantidade de 31.790 euros, financiarase con cargo á aplicación orzamentaria **010 91201 22601**.

**A CONCELLEIRA SECRETARIA SUPLENTE DA XUNTA DE GOBERNO DA  
CIDADE DE SANTIAGO**

**Asdo: María Rozas Pérez**



